



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a Resolución de concesión de axuda da Presidencia da Deputación de Pontevedra de data 23 de novembro actual, pola que se concede unha subvención ao Concello de Catoira por un importe de **20.158,60 €**, co obxecto do financiamento do investimento **“ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE SANTA BAIA”**, que ten un orzamento aceptado de polo mesmo importe, así como os orzamentos para a execución da devandita obra presentados polas empresas **CONSTRUCCIONES HNOS. VILA ESTÉVEZ, S.L., COCIGAL 2013, S.L., ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.U.**, o Informe emitido polo Sr. Arquitecto Asesor Municipal, e o disposto no artigo 118 e concordantes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello, 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como as competencias e facultades que me outorgan as disposicións vixentes en materia de réxime local, e tendo en conta que:

1º.- A contratación da obra é necesaria para o acondicionamento da praza de Santa Baia e faise necesaria a externalización da súa execución porque esta administración local non conta con medios propios, persoais o materiais, para levala a cabo, nin pode satisfacerse con ningún outro contrato en vigor.

2º.- O orzamento da obra non supera o importe do valor estimado que, para este tipo de contratos, fixa o apartado 1 do artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3º.- Non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e superar os limiares establecidos no citado apartado 1 do artigo 118.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Adxudicar a obra de **“ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE SANTA BAIA”**, á empresa **“COCIGAL 2013, S.L.”**, por ser a oferta económica máis vantaxosa, con CIF **B-36.503.035**, polo prezo de **DEZANOVE MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (19.775,82 €)**, IVE INCLUIDO, e nas condicións e especificacións que aparecen resinadas no proxecto técnico e orzamento redactados ao efecto, e fixéndose o prazo de execución en catro (4) meses, a partir da subscripción da acta de replanteo.

SEGUNDO.- Nomear Técnico Director das Obras ó arquitecto asesor municipal, **DON IGANCIO PIÑEIRO DE LA TORRE**. Serán a cargo do contratista o pago dos honorarios de dirección de obra que se fixan nun 3% sobre o orzamento de execución material.

Mándao e asina o Sr. Alcalde-Presidente, en Catoira, a vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e dous.

O Alcalde – Presidente.

Asdo. **Alberto García García.**

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

